

## TEMA 4: O TEATRO GALEGO NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: IRMANDADES, VANGARDAS E GRUPO NÓS.

### 1. Introducción.

Ata o inicio do século XX non podemos falar con propiedade dunha actividade teatral galega asentada, cos medios humanos e materiais mínimos. A madurez do noso teatro acádase nos anos 20 e 30, grazas ao impulso das Irmandades da Fala e aos textos teatrais do Grupo Nós. De todos os xeitos podemos facer distinguir catro etapas: o teatro dos rexionalistas, o das Irmandades, o das Vanguardas e o do Grupo Nós.

### 2. O teatro anterior ás Irmandades.

O teatro galego comeza o século coa creación en 1903 da Escola Rexional de Declamación, que presidida por Galo Salinas durou ata 1905. O seu obxectivo era estimular a produción de dramaturgos. Entre as obras que representaron podemos citar *Filla* (primeira obra que escenificaron) do mesmo Galo Salinas, que segue a liña costumista e *A ponte*, de LUGRÍS FREIRE, primeiro drama galego escrito en prosa que supón unha ruptura coa produción anterior pola variedade lingüística empregada e polo seu contido social.

### 3. O teatro das Irmandades da Fala.

A partir de 1916 o teatro galego recibiu o impulso das Irmandades, que foron creadas nese mesmo ano na Coruña. Os seus impulsores crían que a literatura en galego, e en especial o teatro, debía xogar un papel importante na difusión das ideas nacionalistas. Publicaron múltiples pezas de teatro breve, realizaron estudos teatrais, trouxeron a Galicia grupos de Cataluña e Portugal, realizaron traducións de obras estranxeiras, convocaron concursos e crearon en 1919 o *Conservatorio Nazonal da Arte Galega*, que tivo como principal impulsor a Antón Vilar Ponte. O conservatorio inaugurouse coa obra de Cabanillas *A man da santiña*, en 1921, comedia de costumes de ambiente pacego no que por primeira vez o galego deixa os ambientes populares e aparece en boca de clases elevadas da sociedade, cun clarísimo afán de dignificación do idioma. Tras cambiar o nome polo de *Escola Dramática Galega*, o conservatorio levou a cabo representacións de obras de Vilar Ponte, Carré Alvarellós, López Abente ata que desapareceu en 1926.

Durante a época das Irmandades, perfiláronse dúas correntes teatrais:

a) A conservadora, que segue os moldes do teatro finisecular: social, costumista, e histórico e ten como representantes a Xavier Prado Lameiro con *Monifates e farsadas*, sainetes cómicos e Xesús Sanluís Romero con *O Fidalgo*, de contido social, aborda os problemas do agrarismo, do caciquismo e da emigración.

b) A renovadora, que apostaba por un teatro máis moderno e culto, na que estaría Antón Vilar Ponte e a súa obra *A patria do labrego*, drama en contra do caciquismo e a prol da emigración. Nesta tendencia situamos tamén a obra de Cabanillas.

c) Nunha posición intermedia poderíamos incluír a Cotarelo Valedor con Trebón, drama rural, ou Hostia, drama histórico sobre a execución de Prisciliano e a Carré Alvarellos con O pecado alleo. Estes defendían un teatro máis urbano e refinado.

Pero sen dúbida ningunha o autor máis destacado é Ramón Cabanillas.

**Ramón Cabanillas.** Escribiu A man da santiña, por encargo de Vilar Ponte. Trátase dunha comedia en prosa de asunto amoroso e contemporáneo. Foi importante porque nela os señores do pazo falan en galego. Foi a primeira representación do Conservatorio Nacional da Arte Galega.

En 1926 publicou O Mariscal, obra en verso de inspiración modernista, que reflicte a ideoloxía nacionalista. Trata o tema do mariscal Pedro Pardo de Cela, decapitado en Mondoñedo en 1483 por mandato dos Reis Católicos e como represalia pola súa revolta en contra da política centralista destes. A importancia desta obra reside no feito de que se tomou a figura do mariscal como un mito que representou a resistencia da dignidade dos galegos fronte á política asimiladora e centralista de Castela.

#### **4. O teatro das vangardas.**

Este xénero foi pouco cultivado polos escritores de preguerra, debido sobre todo a tres causas: á falta de compañías teatrais, ao rexeitamento do teatro galego anterior (considerábase demasiado costumista ou social patriótico en exceso) e aos problemas deste xénero durante a ditadura de Primo de Rivera.

Como acontece na prosa, a maioría dos vangardistas acabáranse revelando como escritores de teatro na posguerra, como é o caso de Blanco Amor (que cultivou este xénero no exilio) ou Álvaro Cunqueiro. Antes da guerra civil os principais cultivadores foron **Álvaro de las Casas** e **Rafael Dieste**, con A fiestra baldeira (1927), que é considerada unha obra mestra do xénero teatral. Chea de elementos vangardistas, expón o conflito dun indiano que volve rico da emigración e que se ten que enfrontar ao problema de que a súa muller e a súa filla se avergoncen da orixe social do pai, que se ve obrigado a falsificar a súa personalidade. Ao final, as mulleres arrepiéntense e o home recupera a súa identidade. Esta peza supón unha crítica á teima por ocultar as propias raíces cando estas son humildes.

#### **5. O teatro da Xeración Nós.**

Esta xeración representa a europeización e modernización do teatro galego. Os seus representantes estarán moi influídos polas lecturas de obras estranxeiras, principalmente do francés. As súas viaxes por Europa servirán para renovar a obra literaria e plástica de Galicia. O modernismo, o simbolismo e o expresionismo marcaron entre finais do século XIX e comezos do XX unha ruptura nos contidos e formas das artes plásticas e literarias, sobre todo no aspecto formal, e aparecen en Otero, Castela e Risco. Estes autores procuraban seguir o modelo do “teatro da arte”, que implicaba a estilización de todos os elementos escénicos: a linguaxe, a mímica, a música, a pintura, a danza, a iluminación... pero axuntando referentes propios como o celtismo e o atlantismo.

## Otero Pedrayo

A pesar das influencias europeas achegadas por Castelao, o seu teatro é máis apropiado para a lectura que para a representación dramática

*A lagarada* (1929) é unha traxedia na que loitan o amor e a cobiza inmersos no ambiente da recollida e elaboración do viño.

*O desengano do prioiro* (1952). Un vello prior regresa de ultratumba e séntese ofendido porque a súa vila, que antes destinaba a madeira para facer cubas para o viño, destínaa agora para a fabricación de féretros.

*Teatro de máscaras* (1975). É a obra que representa unha maior influencia do Teatro da Arte. Trátase dun conxunto de pezas moi breves que ás veces son simples esbozos teatrais.

## Vicente Risco

Só ten unha obra, *O bufón de El rei*, 1928. A acción sitúase nunha corte medieval de tipo artúrico. Unha raíña adúltera e o seu amante son delatados ante o monarca por un bufón celoso. Ao final, o amante resulta ser irmán do bufón. Trátase dunha reflexión acerca da relación entre a deformidade física e a deformación moral (envexas, celos, resentimentos...).

## Castelao

Só ten unha obra teatral: *Os vellos non deben namorarse*, que se acabou convertendo nun clásico e na obra máis coñecida e representada do noso teatro. Comezouna antes da Guerra Civil e rematouna estreándoa en Bos Aires (1941) durante o seu exilio. Publicada en 1953, a obra divídese en tres lances de estrutura e temas moi semellantes: tres vellos ricos (un burgués, un fidalgo e un labrego acomodado) que se namoran de tres mozas pobres e que, por intentaren conseguir o seu amor, acaban morrendo. A obra remata cun epílogo no que os tres homes xa mortos, dialogan no cemiterio sobre a vida das súas namoradas. O tema é esencialmente trágico, pero este é tratado dun xeito humorístico e crítico: os vellos confiados no poder dos cartos e cegados no seu amor, son obxecto de burla non só das mozas senón tamén do pobo.

Castelao concibe a obra teatral como un espectáculo global no que ha de contar non só o texto, senón tamén a música, as luces, as cores..., todo aquilo que fai que os diálogos ou monólogos teñan unha gran forza expresiva.

Acada o obxectivo perseguido: fundir a modernidade (expresionismo e escenografía) co popular e tradicional (tema, ambientes...).